



DIEGO AMEIXEIRAS

Lausanne, 1976

Xornalista e guionista de cine e televisión. Traballou escribindo para varias series emitidas pola TVG (*Terra de Miranda*, *Os Atlánticos*, *Matalobos*). Coguionista das longametraxes *18 comidas* (Jorge Coira,

2010) e *La mujer del Eternauta* (Adán Aliaga, 2011) é un habitual escritor de xénero negro-criminal. Ata o momento publicou as novelas *Baixo mínimos* (2004), *O cidadán do mes* (2006), *Dime algo sucio* (2009) e *Asasinato no Consello Nacional* (2010). Con *Tres segundos de memoria* logrou en 2006 o premio Xerais de novela.

A FURIA CONTINUA

Diego Ameixeiras

Publicado na revista *Luzes de Galiza* no mesmo ano da súa morte, en 1996, e reeditado postumamente en *Poemas para unha loia*, o ensaio 'Modesta proposición para renunciar a facer xirar a roda hidráulica dunha cíclica historia universal da infamia' acabou por converterse nun dos textos máis celebrados do poeta monfortino, sen dúbida pola súa natureza confesional e o enérxico contido político e estético que emanaba das súas liñas. Podo asegurar que, ao longo destes anos, mentres mirabamos para Seattle dende o televisor e se nos desgastaban os puños das camisas grunges, foron incontables as ocasións nas que alguén decidía citar algún parágrafo da 'Modesta proposición', ben para incendiar os ánimos, ben para acompañar esa furia necesaria que Pereiro deixou descrita nos seus poemas, se cadra para convencernos de que

era posible non deixarnos contaminar polo pesimismo e a sensación de que, nun país tan suicida coma o noso, só nos quedaba ser irónicos por imperativo xenético.

Probablemente esaxero, pero teño a sensación de que nestes quince anos –e sospeito que nos seguintes tamén, agora que por vía académica o autor está sendo carne de instituto–, a *proposición* que nos fixo Lois Pereiro operou nas nosas consciencias coma unha especie de vademécum xeracional. Non sei se había referentes, pero en todo caso nas torres de marfil máis cercanas non lle facían moito sitio a Ian Curtis. Nun primeiro momento, o efecto anti-infamia actuou nos nosos cerebros dun xeito fascinante, case máxico, produto da nosa inocencia, e posteriormente confirmou a súa forza cando grazas á confesión do poeta coñecemos

**Certo é que aquel
home delgado
que admiraba
a Lou Reed e a
Joy Division viña
sendo o noso
irmán maior, un
poeta punk que
nos obrigaba
a escoitalo
con respecto
reverencial, e
que nós a finais
dos oitenta só
eramos uns nenos
vendo caer o
muro de Berlín,
pero anos máis
tarde a distancia
diliúuse ata que o
consideramos un
dos nosos.**



Lois diante do muro de Berlín en 1983.

Foto arquivo familiar.

a Gioran, a Valente, a Carver e a outros ilustres compañeiros de viaxe que facían decote a liña Monforte-A Coruña. Certo é que aquel home delgado que admiraba a Lou Reed e a Joy Division viña sendo o noso irmán maior, un poeta punk que nos obrigaba a escoitalo con respecto reverencial, e que nós a finais dos oitenta só eramos uns nenos vendo caer o Muro de Berlín, pero anos máis tarde a distancia diluíuse ata que o consideramos coma un dos nosos. Ou mellor dito, ao revés. Que máis ten saber o percorrido que fixo aquel estoupido emocional. Aos nosos inexper-tos ollos, foi Pereiro quen na ‘Modesta proposición’, mediados os noventa, se converteu no gran teórico de todo aquel magma rabioso que atravesaba as últimas rabexadas da nosa adolescencia.

Había moitas razóns para pensar dese xeito. Lois falábanos dos seus dezaseis anos -daquela para nós moi próximos no tempo- e describía a fascinación que

lle producira un ruso chamado Piotr Kropotkin. Denunciaba a indiferenza, o cinismo (“cómodo e cego refuxio filosófico supostamente radical, pero temeroso e sempre subvencionado polos vellos ou novos amos”) e chamaba á sabotaxe. Advertía da filosofía *light* e convidábanos a non perder nunca o sentido do humor, ese “sorriso interno” que sempre debía exercerse como mecanismo de autodefensa. Defendía o entusiasmo das pequenas accións fronte á gloria inapreixable das grandes palabras (Revolución, Liberdade, Cultura) e dicía entender a arte coma unha salvación fronte a morte. Celebraba para nós a Dúbida e a Crítica, patas fundamentais da aprendizaxe. Desprezaba as discusións bizantinas que agochaban incapacidade para a acción. Amosábase voluntariamente optimista e razoablemente pesimista. E de súpeto, cando aínda non tiveramos tempo de procesar aquel alegato que desarmaba a

nosa inexperiencia, deixábase contaxiar polos conceptos filosóficos dos vellos tratados budistas e taoístas, e fixaba un obxectivo: un Universo que se expande.

Pero a *proposición*, con todas as súas reflexións políticas e artísticas postas sobre a mesa, aínda nos reservaba unha último cartucho. Se cadra, para nós, a apreciación máis desacougante e enérxica. A decisiva. Pereiro, armado de perspicacia, tamén falaba da orixe das nosas tribulacións, e facíao con palabras moi claras e directas, sen sentimentalismos e sen disfraces baleiros. O poeta punk decidía espirse, consciente de que xa non tiña nada que perder “demasiado importante”. Decía que cando aparecía o virus da infelicidade, había que estar disposto a soportalo. Punto. Era parte -ou consecuencia directa- desa actitude furiosa e inconformista. E iso era todo.

Hai cinco anos tiven a sorte de participar, en calidade de convidado, que non polos meus precarios méritos como recitador, nunha lectura poética celebrada no centro social A Gentalha do Pichel, en Santiago. Celebrábase o segundo aniversario do xornal Marea Negra, e varios colegas escritores recitaron poemas da súa autoría antes dun concerto no que interviron varios grupos. Lembro que, levado polo ánimo de contaxiar aos presentes dun pouco de ardor guerreiro, decidín que a miña aportación consistise na lectura dalgúns parágrafos da ‘Modesta proposición’. O resultado, naturalmente, foi o agardado: alá onde estea Lois, estou seguro de que escoitou os sentidos aplausos que recibiu a través da miña mediación, bastante nerviosa e trapalleira, e con escaso *punch* poético. O mellor de todo foi que entre os presentes había bastantes rapaces moi novos e que ao rematar, entre conversa e conversa, acabei falando con algún deles. Tiñan dezaioito anos e non coñecían o responsable daquel alegato que



Piotr Kropotkin

eu acababa de extractar para ofrecer os que consideraba parágrafos máis destacados. Sorprendidos pola cercanía, a sinceridade e a fortaleza do texto que eu lera minutos antes, pedíronme referenzas dun poeta ata aquel momento descoñecido para eles, pero ao que necesitaban descubrir inmediatamente. Lembro que levaron os folios nos que eu reproducira algunhas páxinas da *proposición* -daquela xa manchados de cervexa- e que neles escribín: “*Poemas: 1981-1991*”, “*Poesía última de amor e enfermidade (1992-1995)*” e “*Poemas para unha loia*”.

Sinceramente, poucas veces na vida sentín como naquela ocasión que acababa de facer algo correcto, e así o sigo pensando. Hoxe non me queda outra que mirar con envexa a quen se achegue por vez primeira á obra de Lois Pereiro e, especialmente, ao texto ao que acabo de dedicarlle estas liñas máis cheas de admiración que de rigor expositivo. Virtude, esta última, que seguro que a Lois lle parecería moito menos importante que a correspondente dose de furia.

Lois falábanos dos seus dezaseis anos -daquela para nós moi próximos no tempo- e describía a fascinación que lle producira un ruso chamado Piotr Kropotkin.